



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. José Antonio Rodríguez Vázquez
D. José Pose Blanco
D. José Angel Vázquez Barquero
D. José Tojo Suárez
D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
D. José Barreiro Somoza
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Xulio Pardellas de Blas
D. Andrés Ramón Trillo García
D. Xosé Luís Legido Soto
D. Jesús Alfaya Fernández
D. Alberto Alonso Costas
Dª Mª Luisa Alonso Escontrela
D. Pedro Antonio Araújo Nespereira
D. Enrique Barreiro Alonso
Dª Carmen Becerra Suárez
D. Luis Bernal Conde
D. José Luís Capelo Martínez
D. José Chavete Rodríguez
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. José Mª Correa Otero
Dª Margarita Estévez Toranzo
D. Antón Fernández Alvarez
D. Joel Fernández Soto
D. Manuel Xesús Fontán Bouzas
D. José Antonio Gómez Barbeito
D. Alejandro V. Gómez Soler
Dª Laura González Novoa
Dª Mª do Carmo Henriques Salido
D. Juan Janeiro Vilaboa
D. Manuel López Iglesias
Dª Mª Pilar López Vidal
D. Carlos Mollinedo Lois
D- Guillermo de Oca Cancela
D. Xosé Luís Outes Ruso
D. Angel Pereira Díaz
D. Cándido Pérez Betanzos
D. Manuel Pérez Donsión
D. Emilio José Pérez González
Dª Verónica Piñeiro Fernández
Dª Mª Anunciación Reñones Pérez
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D. Celso Rodríguez Fernández
D. Eduardo Rubiales Camino
D. Fco. José Vázquez Núñez
D. Jose A. Veiro García (CC.OO.)
D. Camilo Vázquez García (CIG)

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, celebrada o vintecinco de novembro de mil novecentos noventa e seis, ás 10.00 horas, no Salón de Actos da Escola Universitaria de Estudos Empresariais de Vigo.

O luns, **día 25 de novembro de 1996**, ás 10.45 horas, celebrouse sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, da Acta de sesión anterior (17-10-96).
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Petición de traslado da titulación de Filoloxía Galega ó Campus de Vigo.
- 4º.- Aprobación, se procede, da Memoria económica e da liquidación do ano 95.
- 5º.- Asignación de remanente pendente de 1995.
- 6º.- Asuntos de Profesorado: Informe; Recoñecemento dos anos de docencia en ensinanzas medias a efectos de concesión de tramos docentes; Prazas BOE; Transformacións; Cambio de área; Profesor visitante; Permisos.
- 7º.- Aprobación, se procede, da Normativa do Servicio de Publicacións.
- 8º.- Reciprocidade con outras Universidades cos créditos de libre elección.
- 9º.- Aprobación, se procede, do traballo "Aforro enerxético e rede subterránea de alimentación de enerxía eléctrica ó Campus de Lagoas-Marcosende" (de acordo coa Normativa aprobada en X.G. de 17.10.96).
- 10º.- Aprobación, se procede, da composición e competencias da Comisión dos Servicios Informáticos.
- 11º.- Aprobación, se procede, da sinatura de convenios-marco con: Real Academia de Medicina de Galicia, Colexio Médico de Pontevedra, Instituto Enolóxico de Leiro (Ourense), Concello de Chaves, e Asociación de Enxeñeiros Industriais de Galicia (baseándose no acordo marco aprobado pola Xunta de Goberno de 22.12.95).
- 12º.- Aprobación, se procede, da Normativa de Cursos complementarios 1997.
- 13º.- Convocatoria de Axudas para Actividades "culturais" e "académicas".
- 14º.- Aprobación, se procede, da Normativa que regula a convocatoria de bolsas de formación profesional para o apoio á docencia informática na Universidade de Vigo.
- 15º.- Rogos e preguntas.

Preside a sesión o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, e actúa como Secretario, o Xeral da Universidade, D. Xosé Luís Legido Soto.

No **punto 1**, apróbase a acta da sesión da sesión anterior, 17.10.96, coas modificacións que xa se reflicten na mesma.

No **punto 2**, informa o Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García do escrito presentado por D. Horacio A. Villar Suárez, como Delegado da CIG (anexo I), indicando que se puxo en contacto co Gabinete Médico, quedando en achega-los listados de persoal laboral e funcionario; tamén indicou que esta próximo a constituírse o Comité de Seguridade Laboral.

O Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez informa:

- da posta en marcha do servidor www, que irá incorporando a información dos departamentos;
- da rede de datos que se conecto ó campus de Pontevedra, aumentando a súa velocidade;
- da xuntanza en Santiago para os programas con fondos europeos
- da xestión da Oficina de I+D no ano 96.

O Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto informa:

- dos datos da matrícula no curso 96-97, que superou os 29.0'00 alumnos entre centros propios e adscritos;
- da xuntanza de Secretarios Xerais celebrada na Universidade de Vigo, que contou con 36 universidades e con máis de 40 participantes; tratáronse temas relacionados coa Secretaría Xeral, como o Rexistro, Protocolo, Arquivo e Asesoría Xurídica, buscando unha unificación de criterios en tódalas universidades españolas.

O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez informa:

- do problema de Traducción e Interpretación e de Filoloxía Galega, indicando que Traducción e Interpretación quedará no campus de Vigo, xa que non se poden cumpri-las condicións aprobadas na programación plurianual;
- do acordo para o inicio das obras de edificios nos tres campus, acadado entre a Universidade de Vigo, a Consellería, as Deputacións de Pontevedra e Ourense e os Concellos de Vigo e Ourense;
- da petición de Claustro extraordinario para a revisión da programación plurianual que non se convoca de acordo cos informes xurídicos;
- da entrega o 10-12-96 da medalla de ouro da Universidade de Vigo a D. Armando Priegue Guerra;
- do acto que se celebrará no mes de decembro da Cátedra "Almirante Alvarez Osorio";
- da situación dos contenciosos debido á construción da Residencia San Rosendo;
- da Asociación Amigos da Universidade;
- da xuntanza coas Universidades do Norte de Portugal.

No **punto 3**, traslado da titulación de Filoloxía Galega ó Campus de Vigo, defende este o Decano da Facultade de Humanidades de Vigo, D. Celso Rodríguez Fernández que le un extracto de acta (anexo II).

Tamén o Secretario do Departamento de Filoloxía Galega, D. Xosé M^a Gómez Clemente, le un escrito do Departamento (anexo III).

Hai un debate no que D^a Margarita Estévez Toranzo pide que se retire o punto e que se espere

a decisión que tome o Consello Social sobre a programación plurianual.

D^a M^a do Carmo Henríquez Salido pregunta se a Xunta de Goberno ten competencia para tomar unha decisión sobre este punto da orde do día.

Indica que o Sr. Decano de Humanidades recorda outra acta da Facultade na que se tomou o acordo con 14 votos en contra sobre o traslado de Traducción e Interpretación e Filoloxía Galega.

Di que no actual edificio de Humanidades non ten sitio para recibir a Filoloxía Galega; necesítase pois máis espacio.

Tamén di que fai unha defensa global das Humanidades.

D^a M^a Luisa Alonso Escontrela pide que se Filoloxía Galega pasa ó campus de Vigo, o campus de Pontevedra se lle asigne unha titulación que teña que ver coa futura Facultade de Educación.

D. Antón Fernández Alvarez pide a constitución dunha comisión mixta con membros de Xunta de Goberno, membros da Titulación de Humanidades e do departamento de Filoloxía Galega.

D. José Angel Vázquez Barquero pide que sexa o Consello de Campus de Pontevedra o que estudie o tema.

Apróbase pospor o traslado ata que o Consello Social da Universidade de Vigo tome unha decisión respecto da programación plurianual e se lle achega a proposta ó Consello de Campus de Pontevedra para que faga un estudio do tema.

No **punto 4**, o Xerente, Andrés Ramón Trillo García explica a Memoria Económica e a liquidación do ano 95.

Faise a votación co seguinte resultado:

-votos a favor:	31
-votos en contra:	3
-abstencións:	4

Apróbase a memoria económica do ano 1995 (anexo IV).

Presenta o **punto 5**, o Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco explica a modificación que se fai indicando que de "Urbanización, rexeneración e instalacións básicas do Campus de Vigo" retírase unha partida de 59 millóns de pesetas que se destina á "Adquisición de 6 oficinas no edificio rúa Areal nº 50".

Faise unha votación co seguinte resultado:

-votos a favor:	25
-----------------	----

-votos en contra: 0
 -abstencións: 7

Apróbase a asignación de remanente de Tesourería correspondente ó ano 1995 (anexo V).

No **punto 6**, o Vicerrector de Profesorado, D. Eusebio Corbacho Rosas, informa sobre os alumnos presentados e matriculados na Universidade de Vigo (anexo VI).

Tamén informa sobre a petición de "Recoñecemento dos anos de docencia en ensinanza medias a efectos de concesión de tramos docentes", presentada por un grupo de profesores (anexo VII).

Apróbase, por unanimidade, que o Rector eleve ó Consello de Universidades a petición dunha solución para o recoñecemento dos anos de docencia en ensinanza medias a efectos de concesión de tramos docentes e ó mesmo tempo a faga chegar ós Rectores da Universidades Públicas Españolas.

Tamén informa da situación administrativa do AXU-EU D. José Antonio Alonso Rodríguez.

Apróbase o cambio de data de toma de posesión, como Profesor Titular de Escola Universitaria ó 17-10-95 de D. José Antonio Alonso Rodríguez (anexo VIII).

Apróbase a saída a BOE das outras prazas:

D09	095	CAT-UN	Vigo	- - -
D09	650	CAT-UN	Vigo	- - -
D31	185	CAT-UN	Pontevedra	- - -
D31	260	CAT-UN	Pontevedra	- - -
D06	555	TIT-UN	Vigo	Domínguez Santiago, Angeles
D18	045	TIT-UN	Vigo	Iglesias Briones, M ^a Jesús
D18	045	TIT-UN	Vigo	Suoza Troncoso, Jesús
D18	055	TIT-UN	Vigo	Gallego Veigas, Pedro Pablo
D18	220	TIT-UN	Vigo	Beiras García-Sabell, Ricardo
D22	065	TIT-UN	Vigo	Pena Uris, Gloria
D09	650	CAT-EU	Vigo	- - -
D09	650	CAT-EU	Vigo	- - -
D09	650	CAT-EU	Vigo	- - -
D31	185	TIT-EU	Pontevedra	- - -

Apróbanse as seguintes transformación de prazas:

D03	330	Anaya Revuelta, Inmaculada	de PP1 a PP2
D07	465	Mateo Sevilla, Matilde	de AXU-UN2 a PP2
D07	485	Pérez Rodríguez, Francisco Javier	de AXU-UN1 a AXU-UN2
D20	500	Irisarri Castro, Alberto	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
D20	590	Míguez Tabarés, José Luis	de ASO-T3 T a TIT-UN (I)
D24	735	García Señorán, M. Mar	de PP1 a PP2
D31	260	Rueda López, Isabel	de ASO-T3 T a TIT-UN (I)
D31	690	Núñez Jiménez, Marina	de PP1 a TIT-UN (I)

Apróbase o cambio de área da profesora M^a José Pérez Fabello, da área 620, "Metodoloxía das Ciencias do comportamento" á área 730, "Psicoloxía básica".

Tamén apróbase a contratación, como profesores visitantes de:

- D. Eduardo R. Peñaranda Gude, D02, A305, coa retribución de TIT-EU,
- D. Leslie Fernández Fernández, D-11, A385, coa retribución de TIT-UN P3,
- D. Juan Manuel Rodríguez Menéndez, D06, A555, coa retribución de TIT-EU, e
- D. Esteban Alberto Brignole, D06, A555, coa retribución de CAT-UN.

Hai un conste en acta de D. José Luis Capelo Martínez que pide "se contraten profesores comunitarios como profesores visitantes".

Algúns membros da Xunta de Goberno manifestan a súa postura contraria á xenofobia.

Apróbase a concesión dos seguintes permisos:

- Barrio Murga, Luis M^a, do 25.11.96 ó 16.02.97
- Martínez Cobas, Francisco Xavier, do 15.01.97 ó 15.12.97
- Garrido García, José M^a, do 15.01.97 ó 15.06.97
- López Fernández, Joaquín do 25.11.96 ó 30.10.97

Presenta o **punto 7** o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire.

Apróbase por asentimento a Normativa do Servicio de Publicacións (anexo IX).

No **punto 8**, presenta o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire.

Apróbase a "reciprocidade con outras Universidades, españolas e comunitarias, cos créditos de libre elección".

O Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez expón, no **punto 9**, que a solicitude do traballo "Aforro enerxético e rede subterránea de alimentación de enerxía eléctrica ó campus de Lagoas-Marcosende", atópase de acordo coa Normativa aprobada na sesión da Xunta de Goberno do pasado 17 de outubro de 1996.

Apróbase o traballo (anexo X).

No **punto 10**, o Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez expón a composición e competencias da Comisión dos Servizos Informáticos; modifícase a composición, respecto dos vocais, e inclúense 4 alumnos, sendo 1 de Terceiro Ciclo).

Apróbase a composición e competencias da Comisión de Servizos Informáticos (anexo XI).

No **punto 11**, o Vicerrector de Relacións Exteriores, D. Xulio Pardellas de Blas, propón, baseándose no acordo marco aprobado pola Xunta de Goberno de 22.12.95, a sinatura de convenios-marco con "Real Academia de Medicina de Galicia", "Colexio Médico de Pontevedra", "Estación enolóxica de Galicia", "Concello de Chaves", e "Asociación de Enxeñeiros Industriais de Galicia".

Apróbase a sinatura de convenios-marco con Real Academia de Medicina de Galicia, Colexio Médico de Pontevedra, Estación enolóxica de Galicia, Concello de Chaves, e Asociación de Enxeñeiros Industriais de Galicia.

No **punto 12**, o Vicerrector de Relacións Exteriores, D. Xulio Pardellas de Blas presenta a proposta de Normativa de Cursos complementarios para 1997.

Modifícanse:

- no apartado XII "Subvencións da Universidade de Vigo", engadindo "...custo e o **75% para bolseiros do MEC**", e
- no anexo convocatoria, punto 1.5, engadindo "**como mínimo**".

Faise unha votación co seguinte resultado:

-votos a favor:	22
-votos en contra:	3
-abstencións:	2

Apróbase a Normativa de Cursos complementarios para o ano 1997 (anexo XII).

O Vicerrector de Relacións Exteriores, D. Xulio Pardellas de Blas, no **punto 13** presenta a convocatoria de Axudas para Actividades culturais e académicas.

Apróbase a convocatoria de Axudas para Actividades culturais (anexo XIII) e académicas (XIV) do ano 1997.

No **punto 14**, o Vicerrector de Innovación Educativa e Estudiantes, D. José Angel Vázquez Barquero presenta a Normativa que regula a convocatoria de bolsas de formación profesional para o apoio á docencia informática na Universidade de Vigo.

Tras un debate, fanse as seguintes modificacións:

- no punto 2, cambia-lo texto "o mantemento das" polo "a docencia nas";
- no punto 4, eliminar "que establecerá o horario da mesma";
- no punto 5, cambiar "mantemento dos ordenadores das aulas informáticas multiusos cunha dedicación de 100 horas mensuais" por "apoio á docencia das aulas informáticas dos centros recollidos no anexo";
- no punto 9, engadir "se valorará a situación económica do solicitante.

Faise unha votación co seguinte resultado:

-votos a favor:	23
-votos en contra:	5
-abstencións:	1

Apróbase a Normativa (anexo XV) engadindo un cadro coas Aulas informáticas multiusos da Universidade de Vigo.

No **punto 15**, Rogos e preguntas, preséntanse varios.

-D^a **MARGARITA ESTÉVEZ TORANZO**.- Pregunta cando comezan a funciona-los novos departamentos (*O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que en xaneiro de 1997*).

-D. **MANUEL LÓPEZ IGLESIAS**.- Pregunta se é posible mellora-la entrega dos sobres de matrícula: que se entreguen por orde alfabética e todos xuntos; tamén que non se cobren ó entregalos e que se carguen no custo de matrícula (*o Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto di que estanse*

a estudar melloras nos sobre e en todo o proceso de matrícula).

-D. JOSÉ A. VEIRO GARCÍA.- Pregunta:

- 1) Cando se vai poñer en funcionamento o Servicio de Información ó Estudiante e cal será o seu espacio físico (*o Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García di que estanse facendo estudos para poñer en marcha os novos servicios e ubicalos nos novos espacios do edificio anexo ó Rectorado*).
- 2) Ó servicio creouse na RPT do 95 hai persoas que están cobrando por postos que non desempeñan (*o Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco di que o edificio está pendente de subministración de electricidades; está previsto a súa utilización a principios de ano*).
- 3) Reitera o seu escrito sobre o arquitecto-asesor que non foi contestado (*o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que a documentación está na Asesoría Xurídica*).
- 4) Segundo o regulamento de profesorado, que titulación poden te-los concursantes das prazas dos concursos da Universidade (*o Vicerrector de Profesorado, D. Eusebio Corbacho Rosas di que poden ser Titulados Superiores, Diplomados e outros que deben pasar por Xunta de Goberno*).
- 5) Un administrativo con titulación, pode ser profesor da Universidade?

-D. FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BERROCAL.-

- 1) Pide que as Xuntas de Goberno se fagan no campus de Lagoas-Marcosende.
- 2) Se xa hai data da xuntanza dos Directores de departamento co Xerente para trata-lo tema do persoal de administración e servicios dos departamentos (*O Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García di que será en próximas datas*).
- 3) Roga que non se produzan problemas no San Teleco e que se tomen medidas (*o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que está de acordo*).

-D. ALEJANDRO GÓMEZ SOLER.- Pide:

- 1) Que se axilicen os trámites para que a documentación das xuntanzas chegue axiña.
- 2) Que nas cafeterías da Universidade poidan traballar estudantes; pregunta cantos traballan, no caso de que así sexa (*O Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco di que xa está prevista esa posibilidade*).
- 3) Que se explique a problemática xurdida na Facultade de Ciencias Sociais co nomeamento do Vicedecano (*o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que xa está arranxada*).

-D. JUAN JANEIRO VILABOA.-

- 1) Quén ten que poñer en marcha a Xunta de Titulación dun Centro.
- 2) Que se faga unha certificación do Calendario escolar.
- 3) Que se cre unha delegación da ORI no campus de Ourense (anexo XVI).

-D. EMILIO JOSÉ PÉREZ GONZÁLEZ.-

- 1) Roga que por parte do equipo rectoral se arranxe o nomeamento do Tribunal de Garantías (*o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que se levará ó próximo Claustro ordinario*).
- 2) Pide que conste que no último San Teleco algún dos problemas suscitados foron pola participación de alumnos doutros centros ou de fora da Universidade.

-D. JOSÉ M^a CORREA OTERO.- Pide:

- 1) Que se celebre algunha Xunta de Goberno no campus de Lagoas-Marcosende.
- 2) Que se asignen persoas de reforzo na próxima RPT de algúns negociados de asuntos económicos

dos centros con maior volume de gasto.-

3) Insiste nos problemas ocasionados no San Teleco e pide que se tomen medidas.

-D. LUIS BERNAL CONDE.- Pide:

1) Que se arranxen as goteiras na Biblioteca da E.T.S. de Enxeñeiros Industriais (*o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que xa teñen constancia do feito; o Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco di que se está arranxando o problema*).

-Que se coloquen máis marquesiñas, así como algún paso cebra e ademais que se encha a entrada da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación para que poidan pasa-los autobuses (*o Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco di que estase a facer unha marquesiña na Facultade de Económicas, tamén estase acristalando zonas nas E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación e de Industriais*).

3) A que se lle asigna o POD: a persoa ou a área (*o Vicerrector de Profesorado, D. Eusebio Corbacho Rosas di que se asigna a toda a Universidade*).

4) Roga o Rectorado que se pida ós Centros a elaboración dunha normativa dos exames (*o Vicerrector de Profesorado, D. Eusebio Corbacho Rosas di que está regulado nos Estatutos*).

5) Que os créditos sobrantes en libre elección do primeiro ciclo se poidan sumar no segundo ciclo.

6) Pide desculpas polos problemas ocasionados polo san Teleco.

-D. JESÚS ALFAYA FERNÁNDEZ.- Presenta un escrito (anexo XVII).

(*o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que está de acordo co tema da Biblioteca*).

-D^a CARMEN BECERRA SUÁREZ.-

1) Protesta por non poder entrar na Facultade de Humanidades de Vigo durante unha semana.

2) Se hai algún control sobre o gasto das Delegacións de alumnos.

3) Que o equipo de goberno acelere o tema do Servicio de Inspección.

-D. JOSÉ LUIS CAPELO MARTÍNEZ.- Presenta por escrito (anexo XVIII).

(*o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez pide que a Xunta de Goberno esixa un novo plano de financiamento á Xunta de Galicia; tódolos presentes se suman ó rogo e pide que se elabore un documento*).

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 22.00 h. do día 25 de novembro de 1996, da que eu como Secretario dou fe, co vº e praxe do Rector.

O Rector,

O Secretario Xeral,

José Antonio Rodríguez

Xosé Luís Legido Soto